

# Un ruxerruxe desde a pedra

Deixeime pousar na axeada laxe sementada de pelouros arrabaldeiros propios de xogos infantís, incrustados nas veciñanzas das grafías urbanas que citaban “Deputación de Ourense”. Raras eran as veces que me acaroaba á rocha glacial que celaba, cal sentinela vixiante, a porta da casa dos meus avós. Mais hoxe era día de excepcións.

Ao meu carón tiña a equipaxe, as maletas que levaban o pasado no seu ventre de pel de camelo saharauí, acomodado nunha placenta de pano estampado, coma se fose un feto. O pasado era un feto longo coma ese que levamos na testa e que nos dá couciños cando metemos a pata e que nos invita a perdoar a xentiña que di as cousas sen cavilar de máis. Era como ese, pero máis pequeniño. Está feito dos beliscos de nós que imos deixando nas nosas pertenzas. Hoxe xa estaba formadiño, case en estado incipiente e coido que podería marchar pronto de viaxe.

Así a todo eu tiña unha viaxe pendente denantes que el. A viaxe do feto era unha viaxe necesaria, obrigada; pero a miña viaxe era cega e inminente, aínda que escollida por min. Por iso, senteime no banco familiar, para despedirme da miña avoa cun abur agarimoso e acariciante, protagonizado por un bico no proscenio da fazula dereita e facendo medio mutis entre as súas guedellas cinsentas, loureadas por barateiras acuarelas capilares, celoso de non esmagar, ó levantarme, as pequerrechas formigas que galopaban entre as gomas dos meus Panama Jack na procura dunha saborosa miguiña de fermentada fariña augada.

Con bico ou sen bico, a face daquela benquerida vella proseguía sombriza e mouca, coma se tivese os cabelos no corazón no canto de telos na cacheira.

Marchei. Collín un autocar que semellaba unha carrilana pachorrenta cuberta de ferruxe escangallada, mellorada unicamente polo motor a gasoil e o respaldo de aceiro ferreño. Cheguei a Compostela con máis apetito e desacougo cas formigas comellonas e larpeiras, inimigas dos meus Panama. Pero en plena busca do meu lar estudiantil sentín temores subcutáneos e saloucos excitadores; o feto xa estaba a termo.

A miña peregrinación rematará. Encontrábame diante da facultade. De súpeto ollei nun cartel a indicación da Aula de Teatro Universitario. Corrí ata alí fantasiando coa única cousa que coñecía e que me podía auxiliar dos medos que sentía o meu feto da testa, o teatro. Corrí máis ca na aldea, cando me viñan mallar a paos por non lembro que cousas.

Os arrepíos hipodérmicos e os impos de covardía non cesaron ata que abrín a porta da aula teatral. O corazón latexaba cunha fortaleza mangallona, parecía unha noz estoupada por un escachanoces.

Ó abrir a porta da aula teatral, ollei un paraninfo edénico, un paraíso inenarrable onde puiden falar co shakesperiano trasno Puck, mentres un enfermo imaxinario dialogaba co paciente Vladimir, que esperaba a un tal Godot, na mesma estación onde paraba un tranvía anhelado por gatas que subían a teitos nada alumínicos.

Naquela utopía de pierrots intelectuais, só advertín un sistema real: a luz, unha luz vertida en todo aquel océano ostentoso de espectacularidade e dramatismo. Quizais ese macilento esplendor propiciou que o meu pasado, os meus recordos, as miñas vivencias se fundisen coas dos anteriores inquilinos da Aula Teatral e cos espectros de hoxe. O meu pasado inmerso en coiros africanos esfumarase caendo ó chan teatral entre teas bohemias, atrezzo surrealista e veteranas madeiras e mesturándose así as miñas pertenzas coas dos meus compañeiros.

Agora xa non tiña pasado, creárase un colectivismo propio de soviets eslavos, no que os meus bens eran tamén dos demais. Agora todo era presente.

Estaba inquedo de que o meu pasado marchara, pero estaba ledo de que o fixera naquel atasco de pantasmas comediantes e simuladoras, naquela Santa Compañía de Adolfo Marsillachs. Uniuse así aquel meu conxunto de emocións e recordos, á locomotora titiriteira de Tennessee Williams.

Saín daquel salón de fantasía, contento, sen saloucos nin arrepiños e crucei medio Santiago. Quería cuspir onde cuspiu Valle-Inclán, pasear por onde paseou Otero Pedrayo e Risco, recitar homilías ateas onde as recitou Celso Emilio, estudar onde estudou Castelao.

Era tarde, pero achegueime á Aula de Antropoloxía Xeral e avistei unha xaneliña no portón daquel castelo aristotélico. Aproveitei para guichar polo vidro miúdo. Vin a todos os alumnos contemplando con suma atención un punto no centro daquel anfiteatro e busquei naquela vírgula subdesenvolvida, trazos identificadores de ser humano. Observei na miña primeira ollada que aquela pequena vírgula se convertera nun fermoso guepardo que predicaba con ollos de namorado. Decateime das súas baionetas ben apegadas ás gadoupas con forma de fusís. Aquel díaño universitario de iris escuro indiferenciable da pupila, semellaba un billardeiro que tira ó público as madeiras coas que xoga ou o lobishome de Allariz, capaz de devorarte con símbolos arábigos sobre papeis.

O meu feto dos miolos, lonxe de percibir a maldade polos trazos e a figura, atendeu á cucada voz que o absorbía todo para devolvelo mastigadiño. Unha voz de quen pariu hai moito tempo o seu feto do pensamento.

Aquel ser violentamente bo e indecoroso, aquel suxeito de bico desfigurado con cabeleira despeiteada e vestido descoidado, tiña unha voz azucrada máis delicada e saborosa que calquera pastel de merengue con nata.

Aquel ente, parecía agora, con aquela prédica de trovador medieval, unha bela serea, unha cativadora oréade, unha muller dunha abraiante fermosura.

Sentín o meu feto dos miolos. Latexaba coma nunca. Demasiado forte para a súa dimensión. Os temores subcutáneos voltaron en forma de medos interiores por todo o corpo.

Medorento de que o meu feto abortase, notei como se me rachaba en dous o pensamento. Pensei na miña benquerida vella, na súa decote tristura aceda. O meu feto xa nacera. Quizais foi pola ilusión descomedida do momento; pero sei que naceu porque

xa madurara, porque aquel feto de neno xa sufrira demais. Agora formaríase unha nova criatura. Un feto propio da madurez do que vén a Compostela a iso, a madurar. Eu quedeime extasiado, nunha irracional absorción de ledicia doce coma os merengues con nata.

Din que nese intre, na aldea, a miña avoa sorriu por primeira vez en moitos anos e que nunca agachou o sorriso desde aquela.

Gabriel Gavela González  
4º A I.E.S. As Lagoas

## O PORQUÉ DESTE RELATO

No texto que antecede expoño a miña visión dunha escola superior ideal. Unha escola moderna, chea de estudantes que sendo uns de ciencias e outros de letras poden converxer no mundo máxico do teatro universitario, un teatro de vangarda, feito por futuros filósofos e científicos. Estes botaranlle ó cocido teatral a súa especia preferida, froito da tradición das súas casas e da modernidade constante na que viven.

As partes fantásticas do relato proceden da mística galega, que nacendo nas aldeas da Galicia profunda chega ata os campus universitarios desa outra Galicia que mira cara o futuro. Coido que neste relato móstrase unha Galicia diversa, a conxugación da vella pesimista, case propia de teses de Schopenhauer que rosma todos os días e o rapaz que con expectativas confusas consegue despegar na vida, pasar dunha etapa adolescente chea de complicacións a unha etapa de plena maduración sentimental e intelectual.

A vella representa esa Galicia tradicional da que parte o protagonista e os fetos simbolizan o pasado e o presente que rematan converténdose en presente e futuro. Estes símiles acompañan ao protagonista, son o fío conductor.

Espero que este relato exprese de forma máis ou menos acertada esa evolución idónea que todos deberíamos seguir: avanzar con espírito afouto cara o futuro, contentos co presente e sen esquecer o pasado.